



## Traballo co texto “Obxectivo a mellorar: a saúde materna”

A infografía mostra a **taxa de mortalidade materna** por países agrupados segundo o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH). Esta taxa reflicte o número de mortes por causas relacionadas co embarazo por cada 100.000 nados vivos. Neste caso, por motivos de claridade no gráfico, dividimos as cifras por 14 (a mortalidade máis pequena, a dos países de desenvolvemento humano moi alto), de maneira que as cifras para representar son moito menores.

Dividir ao alumnado en seis grupos. Repartir un texto do anexo fotocopiado en cada grupo, e pedir que o lean.

Deben sacar tres ou catro ideas que lles chamaran a atención por diversos motivos: sorprendentes, rechamantes, preocupantes, indignantes, etc.

Ademais, poden buscar e ampliar a información que desexen.

Despois, poñeranse en común. Vaise levantando unha persoa de cada grupo para comentar aos demais unha das ideas que apuntaron. Só se di unha por quenda nunha primeira rolda, de xeito que todos os grupos poidan expresarse. O que chega cada grupo, vaise escribindo na lousa.

Unha vez rematados estes pasos, pásase a unha quenda de intervencións, deixando que se expresen libremente sobre o que lles parece máis importante ou máis lles impactou deste documento.



# Anexo

## OBJECTIVO A MELLORAR: A SAÚDE MATERNA

Ter saúde non é, soamente, a ausencia de afeccións ou enfermidades. O concepto de saúde é amplo, e mostra un xeito de vivir, realizarse e pertencer a un grupo nunha sociedade concreta, que abarca a necesidade de cumprirense unha serie de elementos:

- Servizos sanitarios (persoal, centros sanitarios, medicamentos...)
- Alimentos adecuados en cantidade suficiente.
- Auga potable e saneamentos.
- Educación.
- Capacidade e posibilidades para gozar do lecer e a cultura.
- Unha contorna social que permita o desenvolvemento integral da persoa en todos os seus ámbitos: físico, cultural e espiritual.

### Saúde e muller

Moitas mulleres nos países máis empobrecidos, non gozan de boa parte destes elementos, ao que se unen os problemas específicos da maternidade. Isto leva a que cada minuto, unha muller perde a vida por causas relacionadas co embarazo, o que representa máis de medio millón de vidas perdidas cada ano. E por cada muller que morre, trinta sofren enfermidades graves de diversa natureza.

Hai unha serie de causas, que habitualmente se dan xuntas, pero que, para coñecelas mellor, pódense dividir en dous grandes grupos:

**A- Biolóxicas ou médicas:** son as complicacións no embarazo e no parto, a causa principal das mortes entre as mulleres entre 15 e 49 anos. Os grandes determinantes desta alta mortalidade son as deficiencias na atención sanitaria xeral e nos servizos de atención ao parto apropiados, o que fai que o 99% das mortes ocorran nos países en desenvolvemento.

Estes problemas médicos ven agravados por toda unha serie de deficiencias en moitos países:

- Débiles sistemas de saúde: A pouca dispoñibilidade de servizos de saúde adecuados, sobre todo en zonas rurais ou nas zonas pobres das cidades. Isto é un factor importante que pode significar maiores índices de mortalidade materna e infantil, especialmente se xorden complicacións no momento do parto.
- A isto únense as inadecuadas infraestruturas. En primeiro lugar, as de transporte, que impide a moitas mulleres chegar a moitos destes servizos en caso dunha emerxencia no parto, por exemplo.
- En segundo lugar, está a falta de acceso a servizos básicos como a auga e aos saneamentos. O acceso á auga e a saneamento básico é un dereito humano e debe considerarse como unha condición imprescindible do dereito fundamental á vida e como un elemento cruce das estratexias para mellorar a saúde materna.
- Falta de persoal médico, un problema importante a todos os niveis. A falta de persoal fai que non se poidan tratar adecuadamente enfermidades que se agravan durante o embarazo, e que a miúdo os partos sexan atendidos por parteiras tradicionais, moitas das cales non están preparadas para atender casos problemáticos.
- A Sida e as Enfermidades de Transmisión Sexual (ETS). As mulleres, polas súas condicións biolóxicas, padecen as ETS en cantidades cinco veces superiores aos homes. As mulleres infectadas, transmiten a enfermidade aos seus fillos. Ademais, estas enfermidades poden producir complicacións extra nos embarazos e o post-parto que causan moitas mortes maternas.



# Anexo

## B- Sociais e culturais:

- **A desigualdade das mulleres.** Este é un factor crave, xa que constitúe unha dos principais obstáculos para gozar do dereito á saúde. Moitas mulleres deben contar co permiso do esposo ou os parentes políticos para ir a un centro de saúde, e a miúdo non poden decidir sobre ter fillos nun determinado momento.
- Esta discriminación tamén se nota no menor acceso das nenas á escola. A grandes liñas, a educación mellora a saúde das nais:
  - Aquelas mozas que van á escola adoitan casar máis tarde, normalmente teñen menos embarazos ou máis espazados e, na medida das súas posibilidades, procuráanse atención no parto.
  - As nais con educación melloran a calidade de vida do seu fogar, debido á súa influencia sobre a saúde e nutrición da familia e na educación dos seus fillos. Cada ano de educación que reciben as nais, supón unha redución de entre un 5 e 10% en táxaa mortalidade de menores de 5 anos.
- **A alimentación,** que está unida á desigualdade, o que fai que os alimentos non se repartan equitativamente nas familias e as comunidades, e a miúdo, mulleres e nenas comen peor que os homes. Moitas mulleres, ao estar insuficientemente alimentadas, afrontan maiores riscos ao longo do embarazo e maiores perigos no parto.
- **Altas taxas de fecundidade:** Nos países de baixo desenvolvemento humano, a taxa está en cinco fillos por muller. As mulleres que dan a luz moitos fillos, son especialmente vulnerables a enfermidades e secuelas.
- **A xuventude da nai:** Todos os problemas sanitarios unidos á maternidade nos países empobrecidos agudízanse cando as nais son moi novas. Cando as nenas son percibidas como un lastre económico para a familia, o seu matrimonio forma parte dunha estratexia para a supervivencia. O matrimonio cedo leva ás nenas ao risco de quedar embarazadas moi novas.



# Mortalidade materna

Buscar na web o mapa cos países do mundo segundo IDH

<http://gestion.manosunidas.org/HtmlRes/Educacion/Files/Mapa%20IDH.pdf>

Explicar ao alumnado o concepto do IDH para clasificar os países.

Tendo en conta esta clasificación, mostrar a infografía e, á vista da actividade anterior, reflexionar sobre o que nos mostra:

- Que nos xorde ao ver os índices de mortalidade materna dos catro grupos de países?, Que conclusións podemos sacar sobre a distribución da mortalidade materna no mundo?
- Comentar a frase “A pobreza é un factor de risco para as mulleres”
- Vemos algunha relación se comparamos as cifras deste gráfico cos datos do Índice de desigualdade de xénero da infografía de setembro?